

CURSO DE INICIACIÓN EN ESPELEOXÍA

Curso de formación para
persoas con interese pola
espeleoloxía

CURSOS 2021

Organizan:
Federación Galega de Espeleoloxía
Escola Galega de Espeleoloxía

ege | escola galega
de espeleoloxía



NON

Forma e estrutura do curso
de modo que permita
deixar unhas sesións de práctica

Obxectivos

Este curso pretende proporcionar un achegamento pleno á espeleoloxía, ofrecendo unha visión xeral do medio no que se desenvolverá a actividade do espeleólogo/a: **as cavidades**, así como outros aspectos federativos para calquera espeleólogo/a. No apartado técnico e formativo, o alumnado coñecerá os materiais máis usados nesta modalidade e aprenderá as técnicas básicas de progresión horizontal e vertical: pasos estreitos, laminadores, trepes e destrepes... Tamén aprenderá a moverse pola corda superando dificultades como os fraccionamentos, desviadores, péndulos, nós, pasamáns, entre outras, tanto en ascenso como en descenso.

Data de realización

24/25/31 xullo e 1 de agosto de 2021

Prezo

100 €. Os desprazamentos e mantención, serán por conta do alumnado

Modalidade do curso

Semipresencial, 40 horas
35 horas presenciais, 5 horas na web



Horario

Sábados, de 09:00 a 14:00h e de 15:00 a 20:00h
Domingos, de 09:00 a 14:00h e de 15:00 a 18:00h

Prazas ofertadas

12 prazas por rigorosa orde de inscrición
Para a realización do curso deberán cubrirse un mínimo de 8 prazas

Destinatarios/as

Tódalas persoas maiores de 14 anos federadas en espeleoloxía no ano en curso

Temario Formativo

Técnica e material (individual e colectivo) en espeleoloxía

Técnicas de progresión horizontal; pasos estreitos, gateiras, trepes, destrepes

Técnicas de progresión vertical; ascenso e descenso, cambio de sentido, paso de fraccionamentos, nós, pasamáns, desviadores, péndulos, rápel guiado, tirolina e circuío sen fin

Cartografía, topografía e guiado pola cova mediante a súa interpretación

Nós máis empregados na espeleoloxía

Seguridade deportiva

Prevenición

Medio social e natural (bioloxía, xeoloxía, climatoloxía, adestramento, historia, etc)

Curso semipresencial; 35 horas presenciais, 5 horas online



Inscripción

Solicitar o formulario de inscrición a escuela@espeleoloxia.org
Cubrir a inscrición, declaración xurada de capacidade física, autorización do/da titor/a no caso dos menores de idade, xustificante de ingreso bancario do curso, fotocopia da licenza ou certificado da solicitude
Estes documentos remitiranse vía e-mail a escuela@espeleoloxia.org.
Esta inscrición formalizárase ata 15 días antes do curso ou ata que se cubran as prazas
No caso de non participar no curso, a FGE reservarase o dereito de devolución do 80% do custe do curso, naqueles casos que acrediten unha xustificación de forza maior por escrito

Profesorado

Alberto Vila Garrido (Director do curso)
Técnicos de dilatada experiencia da Escola Galega de Espeleoloxía

Material persoal

Cada participante virá provisto de todo o material necesario para a durmida (esteira, saco de durmir) así como roupa cómoda (tamén de recambio), toalla, chinelas, neceser, etc.
Recoméndase roupa de abrigo tamén para estar no refuxio

Mono exterior ou funda de traballo, mono interior (mallas/camiseta térmica), botas (de goma ou tipo montaña), casco con iluminación eléctrica, PILAS (tamén de reposto), arnés de espeleoloxía con maillón, arnés de peito, dous cabos de ancoraxe con mosquetóns, puño ou basic con pedal e dous mosquetóns, croll, descendedor stop con mosquetón de freo, luvas (opcional) e 2 metros de cordino de 9mm

A Federación dispón de material básico individual para alugar aos deportistas que o soliciten con 7 días de antelación á realización do curso

Lugar de realización

Refuxios da Federación Galega de Espeleoloxía;
Argomoso (Mondoñedo - Lugo)
<http://www.espeleoloxia.org/web/refugios/>

A dirección poderá modificar o lugar de realización do curso, dependendo da climatoloxía e outros factores

Diploma outorgado

Diploma de asistencia ó Curso de iniciación á Espeleoloxía
Para obter o diploma será necesario asistir o 90% do total do curso e superar o exame teórico/práctico

